

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE XULLO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D.^a Ana María Portela Torrón

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día quince de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Ana María Portela Torrón, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 4 DE XULLO DE 2025 E SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2025 e ordinaria do día 8 de xullo de 2025, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 4 de xullo de 2025 e ordinaria do día 8 de xullo de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 8 de xullo de 2025, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 165, de 10-07-2025.

- Consorcio As Mariñas, aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre do ano 2025, que rexerá para o Concello de Cambre. BOP número 132, de 14-07-2025.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO O 4 DE XULLO DE 2025 RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL PARA O CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE 2025/C006/000003

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 11 de xullo de 2025 (CVD: jsqPd4IP3lOnebVa4wpt), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do día 4 de xullo de 2025, acordou adxudicar o contrato baseado para a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), á entidade “Zurich Insurance Europe AG, Sucursal en España”. Expediente: 2025/C006/000003.

Detectado un erro na transcripción do importe da franquicia onde consta 1.000 euros, cando debería figurar 1.500 euros.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 4 de xullo de 2025, no seguinte senso:

Onde di:

“(…/…)”

Primeiro.- Adxudicar o contrato baseado para a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), á entidade “Zurich Insurance Europe AG, Sucursal en España”, cunha prima total anual de 41.824,91 € e unha franquicia xeral de 1.000 euros.

(.../...)"

Debe dicir:

"(.../...)

Primeiro.- Adxudicar o contrato baseado para a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), á entidade "Zurich Insurance Europe AG, Sucursal en España", cunha prima total anual de 41.824,91 € e unha franquicia xeral de 1.500 euros.

(.../...)"

Segundo.- Comunicar este acordo á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo no Perfil do contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público e notificar conforme co establecido na LCSP.

Terceiro.- Notificar á responsable do contrato e ao mediador de seguros do Concello de Cambre.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 11 de xullo de 2025 (CVD: jsqPd4IP3lOnebVa4wpt), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 4 ao 10 de xullo de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 674/2025 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo núm. 690/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
674/2025	04-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de xullo de 2025
675/2025	04-07-2025	Avocación de competencias do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico don Rubén Vázquez Pérez do 4 ao 6 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos
676/2025	07-07-2025	Delegación no concelleiro Óscar Tomás Barrientos Morales para a celebración do matrimonio civil de AGdelal e ARS o día 12 de xullo de 2025, ás 12:30 horas
677/2025	07-07-2025	Contratar como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo cunha duración de nove meses, aos tres peóns para a brigada de limpeza de faixas secundarias, subvencionados por resolución de 15 de maio de 2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural "APROL Rural" no exercicio de 2025
678/2025	08-07-2025	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o venres 11 de xullo de 2025, ás 12:00 horas
679/2025	08-07-2025	Declarar a xubilación do funcionario de carreira EVM con efectos do 30 de xuño de 2025, de conformidade cos artigos 67.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 205 e Disposición transitoria sétima do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro
680/2025	08-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JMSV
681/2025	08-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MECS
682/2025	08-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
683/2025	08-07-2025	Acceder ao solicitado e remitir a MDPL a documentación correspondente ao expediente de contrato menor 2025/C2/11 de contratación dun avogado para a personación do Concello en dous procedementos xudiciais
684/2025	09-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por

		tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MAOF
685/2025	09-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NCL
686/2025	09-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
687/2025	10-07-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 01/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: JLMA
688/2025	10-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JEdeFA
689/2025	10-07-2025	Considerar desistido a JZR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 05/05/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
690/2025	10-07-2025	Considerar desistida a VRM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 03/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo